

PALESTINA LIBRE



Aproveitando que os Reis Magos visitan Monforte de camiño á cidade palestina de Belén, non queremos deixar de lembrar que desde o 27 de decembro Israel mantén un miserábel e criminal ataque contra a franxa de Gaza, nos territorios ocupados, primeiro con bombardeos e agora tamén cunha ofensiva terrestre.

Esta situación prodúcese logo dun ano de bloqueo que mantén a unha das zonas máis densamente poboadas do mundo sen combustíbel, electricidade, alimentos, produtos de primeira necesidade, ou mesmo a axuda humanitaria da que dependen os hospitais. A construción dun muro que rodea os territorios palestinos e arrasa cultivos e infraestruturas é parte desta estratexia de aniquilación. Na pequena Gaza, unha especie de rectángulo duns 60 km de largo por 15 de ancho incomunicado do resto de Palestina, conseguiron con isto afundir a xa precaria economía deste territorio. Durante este ataque Israel non levantou o bloqueo nen para deixar pasar axuda médica para atender aos milleiros de feridos e feridas, a meirande parte poboación civil, co que a situación é caótica e dramática. Aos falecidos polas bombas hai que engadir os mortos por falla de atención. En ocasións mesmo se manteñen os bombardeos para que non se podan retirar as persoas feridas e atacan hospitais.

Estas prácticas son inaceptábeis e supoñen un auténtico xenocidio planificado contra un pobo que leva soportando 60 anos de agresións e represión militar desde a ocupación israelí do 1948. Converteron Gaza nun campo de concentración e agora adícanse a bombardear unha poboación que non pode escapar.

Israel é un estado ao que a comunidade internacional lle permite todo, e conta coa complicidade de EEUU e a Unión Europea. Manteñen un arsenal nuclear e químico á marxe do control internacional e mesmo teñen legalizada a tortura. Incumpren sistemáticamente as resolucións da ONU sobre dereitos humanos e aumentan máis e máis a presión económica e militar contra unha poboación inocente. A tímida resposta dos gobernos a este ataque é unha mostra máis desta situación pretendendo equiparar o ataque israelí coa resistencia palestina repartindo as responsabilidades da situación.

Desde Galiza Nova na nosa comarca imos impulsar plataformas locais contra esta agresión e en defensa dunha paz xusta en base a tres puntos:

- O fin do ataque contra a franxa de Gaza e a condeá da actitude criminal de Israel.
- O levantamento do bloqueo económico e militar contra os territorios palestinos.
- O fin da ocupación e a defensa do dereito de Palestina a constituir un estado propio.